



**Expediente núm.:** 25/2026

**Actividade:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Asunto:** Selección de persoal laboral e creación de Bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais para os anos 2026 – 2027

**Categoría profesional:** Peón do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES)

**BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA REALIZAR CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL PARA OS ANOS 2026 E 2027 NO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR**  
**Sistema selectivo: CONCURSO – OPOSICIÓN**  
**Categoría profesional: Peón do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES)**

## 1º.- OBXECTO.

Estas bases teñen como finalidade o establecemento do sistema, procedemento e baremos das probas que se aplicarán na selección de persoal laboral e creación dunha Bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais de persoal para os anos 2026 e 2027 na categoría profesional de **Peón do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES)**, para dar continuidade á prestación dos servizos ao abeiro da adhesión ao Convenio de Colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais (GES).

Estas eventuais contratacións terán por obxecto a cobertura de:

- Persoal con dereito a reserva do posto de traballo segundo o regulado no art. 48 do Estatuto dos Traballadores (ET) en referencia ao art. 45 do ET onde se regula a suspensión do contrato de traballo.  
Aplicable a aquel persoal con dereito a reserva do posto de traballo por estar incurso en procesos de incapacidade laboral temporal/permanente (ILT/ILP), baixa por maternidade / paternidade, adopción, acollemento, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural, exercicio de cargo público representativo, etc.  
Tamén no caso de substitución para completar a xornada reducida por outra persoa traballadora, cando dita redución se ampare en causas legalmente establecidas ou reguladas no Convenio Colectivo do Concello do Pereiro de Aguiar nº 32/100/122012017 (BOP núm. 242 do 20.10.2017).
- Prazas vacantes que figuren incluídas en ofertas de emprego público (OEP) en vigor e as aprobadas durante a vixencia das presentes Bases que inclúan a categoría profesional de “Peón do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES)”.
- Exceso de tarefas acumuladas para as que se necesita a creación de postos temporais.
- Cobertura dos períodos de vacacións, licencias e permisos retribuídos do persoal do Concello, segundo o regulado no Convenio Colectivo do Concello do Pereiro de Aguiar nº 32 / 100 / 122012017 (BOP núm. 242 do 20.10.2017).

As bases íntegras, así como as sucesivas publicacións, terán lugar na sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>].

## 2º.- FUNCIÓNS E TIPO DE CONTRATO A FORMALIZAR.





Serán funcións a desempeñar pola persoa contratada as establecidas na cláusula cuarta do referido Convenio de Colaboración subscrito:

- Intervir en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial da súa demarcación. No caso de incendios forestais, coordinaranse tecnicamente co distrito forestal. No caso de que na súa demarcación exista parque comarcal de bombeiros, a actuación en incendios urbanos realizarase de xeito coordinado con este.
- Definir e manter as redes de faixas de xestión da biomasa de prevención e defensa contra os incendios forestais de competencia municipal.
- Investigar a propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal en aplicación da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, para crear discontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal, mediante rozas en terreos forestais ou de influencia forestal da titularidade dos concellos ou de propietario descoñecido e perímetros e parcelas declaradas como abandonadas segundo a Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.
- Realizar actuacións de prevención da vespa velutina por seguridade da poboación tales como control e retirada de niños, entre outras actuacións que contribúan a súa prevención.
- Prácticas preventivas naqueles camiños e espazos públicos que poidan ao mesmo tempo servir de corta lumes.
- Intervir en situación de risco e de emerxencia para manter a rede de estradas, e sen ser responsables do seu mantemento, mediante a súa limpeza e retirada de obxectos, especialmente no caso de accidente, utilizando para elo os materiais e medios que se requiran. A responsabilidade derivada das reclamacións patrimoniais que poidan xurdir, será da administración titular da vía na que se produza o sinistro.
- Intervir en situacións derivadas de riscos naturais, nevaradas, inundacións, temporais, xeadas, choivas intensas, sismos, derrubamentos, correntes de terra, situacións de seca, así como actividades de control fronte a vespa velutina por seguridade das persoas.
- Colaborar e, de ser o caso, intervenir en situacións derivadas de riscos inducidos polo home.
- Colaborar coas autoridades competentes en materia de protección civil en casos de aglomeracións de persoas en lugares e momentos determinados. As actuacións serán obxectivamente analizadas polo concello sede.
- Colaborar e prestar apoio en calquera situación que implique riscos para persoas, bens ou medio ambiente.
- Colaborar nas funcións correspondentes dos grupos de acción establecidos nos plans de emerxencia municipal (PEMUS), plans de actuación municipal (PAM), e nos diferentes plans de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia, previstos na normativa legal vixente.
- Realizar actividades e, se é o caso, establecer medidas preventivas que diminúan ou minimicen as situacións de riscos indicados nos apartados anteriores.
- Retirada de animais feridos, mortos ou abandonados, que ocasionen un risco para a salubridade ou risco pola perigosidade debido a tipoloxía, raza, estado, ou situación do animal, sempre que o concello onde se atope o animal se faga cargo de aboar o custo do seu depósito nun refuxio, canceira, zoolóxico, etc, dando el a orde de recollida e indicando onde se vai a levar.
- Eventualmente axudarán a garantir a sanidade e a salubridade das persoas, dos espazos públicos e do medio ambiente participando na limpeza e recollida de materiais nocivos que requiran ser retirados de xeito inmediato por ser un risco para as persoas, bens ou medio ambiente.
- Calquera outra en materia de protección civil, emerxencias e medio ambiente, servizos sociais, culturais, educativos e deportivos e outras de competencia municipal, vinculadas a unha situación emerxencia ou prevención da mesma, ou calquera actuación necesaria para resolver unha situación de urxencia e interese público.





Os contratos de traballo a formalizar, dependendo de cada caso, poderán ser:

- Contrato de duración determinada por circunstancias da produción (402/502): para postos requiridos para a execución de programas de carácter temporal, por acumulación de tarefas e a cobertura dos períodos de vacacións, licencias e permisos retribuídos do persoal do Concello.
- Contrato temporal para substitución de persoa traballadora – “Interinidade” (410/510): para substitución de persoal con dereito a reserva do posto de traballo por motivo de ILT, baixa por maternidade / paternidade, etc., e por vacante na praza.

Modalidades de contratación recollidas no artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, na súa redacción dada polo Real Decreto – lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

O réxime xurídico da relación será de carácter laboral, en réxime de dedicación a tempo completo ou parcial segundo as necesidades do Servizo.

O órgano competente procederá á formalización dos contratos de traballo previa acreditación das condicións de capacidade e requisitos esixidos nas presentes bases.

Formalizado o contrato de traballo deberase comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo dos dez días seguintes á súa concertación; así mesmo, deberase informar á representación legal das persoas traballadoras, mediante entrega dunha copia básica dos contratos celebrados. Ata que se formalicen os mesmos e se produza a incorporación efectiva aos postos de traballo correspondentes, as persoas aspirantes non terán dereito a percepción económica algunha.

As retribucións mensuais brutas a percibir segundo a categoría do posto de traballo (incluída a parte proporcional das pagas extras) serán as seguintes:

<b>CATEGORÍA PROFESIONAL</b>	<b>GRUPO DE COTIZACIÓN / PROFESIONAL</b>	<b>TIPO XORNADA %</b>	<b>RETRIBUCIÓN BRUTAS MENSUAIS (1)</b>
Peón do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES)	10 - V	100,00%	1.632,81 €

(1) Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización mensual

As retribucións por antigüidade serán as sinaladas polo Convenio Colectivo do Concello do Pereiro de Aguiar nº 32/100/122012017 (B.O.P. núm. 242 do 20.10.2017) e pola correspondente Lei de presupostos xerais do Estado.

As persoas que resulten seleccionadas estarán sometidas ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente.

O horario de traballo virá determinado polo establecido no Convenio Colectivo do Concello do Pereiro de Aguiar nº 32/100/122012017 (B.O.P. núm. 242 do 20.10.2017).

### **3º.- DURACIÓN DO CONTRATO.**

A duración dos contratos de traballo que se formalicen, dependerá do tipo de contratación laboral que se precise, podendo ser:

- Para o contrato de duración determinada por circunstancias da produción (402/502): para postos requiridos para a execución de programas de carácter temporal, por acumulación de tarefas e a cobertura dos períodos de vacacións, licencias e permisos retribuídos do persoal do Concello. A súa duración non poderá ser superior a seis meses, aínda que por convenio colectivo de ámbito sectorial poderase ampliar a duración máxima do contrato ata un ano, segundo o artigo 15.1.c) do





Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, na súa redacción dada polo Real Decreto – lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

A data límite desta contratación, en ningún caso, poderá superar a vixencia da bolsa de emprego recollida no artigo 15 destas Bases – o 31.12.2027 –.

- Para o contrato temporal para substitución de persoa traballadora – “Interinidade” (410/510): para substitución de persoal con dereito a reserva do posto de traballo por motivo de ILT, baixa por maternidade / paternidade, etc. A súa duración será polo período de tempo que comprenda o dereito a reserva do posto de traballo por motivo de ILT, baixa por maternidade / paternidade, etc, regulados nos artigos 45 e 48 do ET.

Este tipo de cobertura de postos de traballo finalizan no momento que se termina a circunstancia que deu lugar á vacante laboral.

A data límite desta contratación, en ningún caso, poderá superar a vixencia da bolsa de emprego recollida no artigo 15 destas Bases – o 31.12.2027 –.

- Para o contrato temporal para substitución por vacante na praza – “Interinidade” (410/510): A súa duración será polo período de tempo necesario ata que finalice o proceso selectivo para a cobertura definitiva da vacante.

Este tipo de cobertura de postos de traballo finalizan no momento que se termina a circunstancia que deu lugar á vacante laboral.

A data límite desta contratación, en ningún caso, poderá superar a vixencia da bolsa de emprego recollida no artigo 15 destas Bases – o 31.12.2027 –.

#### **4º.- REQUISITOS E CONDICIÓNS ESIXIDOS ÁS PERSOAS CANDIDATAS.**

- a) **Idade:** Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

- b) **Titulación esixida: Non se require estar en posesión de ningunha das titulacións previstas no sistema educativo, antigo certificado de escolaridade ou equivalente.**

A efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír ás titulacións extinguidas.

A titulación deberase estar en condición de obtela na data de terminación do prazo de presentación de instancias. Enténdese que se está en condicións de obtención do título, no caso dos académicos, cando se acredite que se abonaron os dereitos para a súa expedición.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

- c) Estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias, do **permiso de conducir clase C** en vigor.

- d) **Nacionalidade:** Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado, ao que en virtude dos tratados internacionais celebradas pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, a/o cónxuxe das persoas de nacionalidade española ou dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o preveña o correspondente tratado, e as nacionais dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras, sempre que non estean separadas de dereito, así como





ás/aos descendentes de ámbolos cónxuxes, de menos de vinte e un anos ou maiores desta idade que vivan ás súas expensas.

- e) **Capacidade:** Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- As persoas aspirantes con discapacidade poderán pedir no modelo oficial da solicitude as adaptacións e os axustes razoables de tempo e medios das probas do proceso selectivo a fin de asegurar a súa participación en condicións de igualdade. Neste caso, deberán achegar o ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao de discapacidade, a efectos de que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non da concesión da adaptación solicitada.
- f) **Habilitación:** Non estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. As persoas aspirantes que non tiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidas a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
- g) **Incompatibilidade:** Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- h) **Acreditar o ingreso** da cantidade fixada como dereitos de exame xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo.

Todos os requisitos deberán estar en posesión do solicitante o día que remate o prazo de presentación de solicitudes, debendo manterse os mesmos durante o proceso selectivo, de acordo co previsto no artigo 18.2 do R.D. 364/1995, do 10 de marzo.

## 5º.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

### 1. Presentación da documentación.

As instancias solicitando formar parte da presente convocatoria presentaranse no modelo oficial que acompaña as presentes bases (Anexo I), que estará dispoñible na sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>] e nas oficinas de asistencia en materia de rexistro do Concello do Pereiro de Aguiar.

As persoas aspirantes deberán cubrir con exactitude o modelo oficial de instancia e presentalo por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>].

De non presentarse as solicitudes por vía electrónica, poderá realizarse a súa presentación no Rexistro Xeral do Concello, de acordo co preceptuado no artigo 16 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común. O horario de presentación da documentación será o seguinte: de luns a venres: de 08:30 a 15:00 horas.

O prazo de presentación de solicitudes, dada a urxencia da contratación, será de **(10) DEZ DÍAS HÁBILES**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria na sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>].

Para seren admitidas nas probas selectivas correspondentes as persoas aspirantes deberán declarar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na correspondente convocatoria na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

### 2. Pago de dereitos de exame.

As persoas aspirantes deberán aboar unha **taxa de 10,00 €** de acordo coa Ordenanza fiscal publicada no BOP nº 288 do 17-12-2014 reguladora da taxa por dereitos de exame para a participación en probas selectivas ao emprego público municipal e fotocopias de documentos de calquera tipo do Concello do Pereiro de Aguiar.

O abono do importe da taxa realizarase mediante ingreso en efectivo na conta bancaria de





titularidade municipal seguinte: **ES92 2080 5326 9530 4000 9033**.

Estarán exentas do pago desta taxa:

- a) As persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.
- b) As persoas que figuren como demandantes de emprego durante, polo menos, 6 meses antes da data da publicación da convocatoria na sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>].

En aplicación do artigo 28 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común, as persoas aspirantes deberán achegar os documentos que se relacionan de seguido e que xustifican a exención no pago da taxa de dereitos de exame:

- Certificación de discapacidade da persoa solicitante.
- Certificación expedida polo servizo público de emprego no que conste que a persoa aspirante figura inscrita como demandante de emprego polo menos desde os 6 meses anteriores á data de publicación da presente convocatoria na sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>].

A falta de pagamento ou insuficiencia da taxa, cando non quede acreditado que a persoa aspirante cumpra cos requisitos para ter dereito á exención no pago, determinará a súa exclusión do proceso selectivo.

En ningún caso o pago da taxa dos dereitos de exame ou a xustificación da concorrencia de causa de exención no pago suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude específica de participación no proceso selectivo.

Non procederá devolución algunha dos dereitos de exame nos supostos de exclusión das probas selectivas por causas imputables á persoa interesada.

Todos os anuncios sucesivos serán publicados, exclusivamente, na sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>].

## **6º.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.**

### **I.- Documentación a presentar:**

As persoas aspirantes deberán achegar, xunto coa solicitude (Anexo I), e con carácter obrigatorio os seguintes documentos:

- a) Fotocopia do DNI ou documento equivalente para xustificar a personalidade.
- b) Fotocopia do título esixido ou resguardo de ter abonado os dereitos para a súa expedición (artigo 4º).
- c) Fotocopia do **permiso de conducir clase C** en vigor.
- d) De ser o caso, copia cotexada do certificado do grao de discapacidade.
- e) Acreditación do coñecemento da lingua galega (Celga 2) (artigo 10º).
- f) Declaración xurada, cuxo modelo figura como Anexo II das presentes bases.
- g) Xustificante do pago da taxa por dereitos de exame para a participación en probas selectivas ao emprego público municipal (Ordenanza fiscal publicada no BOP nº 288 do 17-12-2014).
- h) Documentación acreditada dos méritos alegados para a convocatoria, mediante orixinais ou fotocopias cotexadas. Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos.

### **II. Acreditación de méritos:**

A. Cursos de Formación: o certificado ou diploma de asistencia ao curso con indicación do número de horas lectivas e data de realización (organizados, ben por unha administración pública, unha universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha administración pública).

B. Experiencia na administración pública: deberá xustificarse co certificado expedido polo órgano da administración con competencia na materia, onde constará a denominación do posto de traballo que ocupa ou ocupase, con expresión do tempo que o viñese desempeñando e relación xurídica que mantivo ou mantén no desempeño deste.

C. Experiencia profesional fóra do ámbito da administración pública: deberá xustificarse mediante o **contrato de traballo**, nóminas ou certificado de empresa, onde conste o período, grupo de cotización





e a denominación do posto de traballo que ocupa ou ocupase; **acompañado do certificado de vida laboral actualizada** expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (orixinal ou copia cotexada).

As copias acreditativas dos méritos presentados deberán ser cotexadas, sen prexuízo de que, en calquera momento, se poderán requirir os documentos orixinais destas. Calquera diferenza entre o documento orixinal e a súa fotocopia, suporá a non validez do mérito alegado e a exclusión definitiva do proceso selectivo, sen prexuízo das responsabilidades que se poidan derivar. Así mesmo, os orixinais poderán requirirse as persoas interesadas seleccionadas en calquera momento do proceso selectivo e, en todo caso, ao ser chamados para formalizar o correspondente contrato.

Caso de non achegar os devanditos orixinais/fotocopias compulsadas ou non coincidir estes coas fotocopias correspondentes, quedará automaticamente excluído.

## **7º.- ADMISIÓN. RECLAMACIÓN. SUBSANACIÓN OU EMENDA DE ERROS.**

### **I. Admisión de Aspirantes.**

Rematado o prazo para presentar as instancias, a Alcaldía no prazo máximo dun mes ditará Resolución coa lista provisional de admitidos e excluídos coa especificación do motivo da exclusión.

### **II. Reclamación. Subsanación ou emenda de erros.**

1. Publicadas as listas de aspirantes provisionais na sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>], as persoas aspirantes poderán presentar reclamacións ás mesmas, en todo caso por escrito, constando a descrición precisa da reclamación e achegando a documentación en que se fundamente.
2. As reclamacións deberán ser rexistradas e presentadas de idéntica forma que as solicitudes.
3. Non caben reclamacións para a falta de documentación non achegada unha vez rematado o prazo de presentación de instancias.
4. Dada a urxencia das contratacións o prazo de presentación de reclamacións será de **(3) tres días hábiles** a partir do día seguinte á publicación da lista de aspirantes provisionais na sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>].
5. Rematado o prazo de reclamación e/ou de emenda de erros, o Sr. Alcalde ditará unha resolución aprobando a listaxe de admitidos e excluídos definitiva, fixando a data de celebración da proba selectiva e da proba de galego, de ser o caso, que se publicará na sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>].

No caso de que por circunstancias excepcionais houberse que modificar lugar, data ou hora das probas selectivas, publicarase na sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>].

No caso de non presentarse reclamacións polas persoas aspirantes excluídas (de existir) a lista provisional publicada terá carácter definitivo.

Contra a resolución de Alcaldía pola que se declare definitivamente excluído/a do proceso selectivo, a persoa interesada poderá interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á publicación da dita resolución na sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>], ou ben directamente o recurso contencioso - administrativo no prazo de dous meses desde a citada data.

Non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.

## **8º.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberase axustar aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre mulleres e homes. O persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino, o persoal laboral temporal e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, polo que non se poderá realizar en





representación ou por conta de ninguén.

As persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores, non poderán formar parte dos órganos de selección.

O tribunal cualificador estará constituído por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a (que actuará con voz pero sen voto) e tres vogais, cos/coas seus/súas correspondentes suplentes. Ao abeiro do artigo 59.4 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, as persoas membros dos órganos de selección, á excepción do Secretario/a, deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional na cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

A composición do Tribunal Cualificador determinarase na Resolución de Alcaldía de aprobación definitiva de persoas aspirantes admitidos e excluídos ó proceso selectivo.

Os integrantes do Tribunal Cualificador deberán absterse de formar parte deste, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común. Os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.

O Tribunal Cualificador non poderá constituírse nin actuar sen a presenza de máis da metade dos seus membros, sexan indistintamente titulares ou suplentes. En todo caso, será necesario a presenza do presidente e do secretario ou de quen os substitúan.

O Tribunal Cualificador resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal. Igualmente poderán requirir a asistencia de colaboradores/as que actuarán sen voz e sen voto durante o proceso de selección para realizar tarefas de apoio ao órgano de selección e baixo as instrucións directas do mesmo.

As resolucións do Tribunal Cualificador vinculan á Administración sen prexuízo de que esta, de ser o caso, poida proceder a súa revisión de acordo co previsto no artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común.

Ós efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ó disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

## **9º.- SISTEMA DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO.**

O sistema de selección das persoas aspirantes será o de **concurso – oposición**.

Calquera referencia normativa do temario entenderase referida ás disposicións legais vixentes na data de publicación da listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas na sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>].

As normas de dereito positivo relacionadas no temario da presente convocatoria que fosen derogadas parcial ou totalmente serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derogación parcial ou total, con data límite da data de publicación na sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>] da listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.





As persoas aspirantes deberán acudir a todas as probas provistos do DNI ou documento equivalente que acredite a súa identidade.

Os aparellos electrónicos (teléfonos móbiles, axendas, auriculares, reloxos, etc) están prohibidos dentro da sala onde teñan lugar as probas. O son dun aparello electrónico permitirá ao tribunal solicitar o baleirado de bolsas, mochilas e pezas de roupa para a súa localización. A negativa á petición do tribunal ou á localización do aparello provocarán a expulsión da persoa aspirante da proba e non se procederá á corrección do seu exercicio.

Respecto das persoas aspirantes que acrediten o grao de discapacidade, determinaranse as adaptacións necesarias en tempo e medios que fagan constar na súa solicitude de participación no proceso selectivo. A adaptación de tempos consistirá na concesión dun tempo adicional para a realización dos exercicios e levarase a cabo conforme ao previsto na Orde PJC/804/2025, do 23 de xullo, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de medios e tempos e a realización doutros axustes razoables nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

As persoas aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos do proceso selectivo quen non compareza, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

#### **FASE DE OPOSICIÓN.- Valorase ata un máximo de 20 puntos.**

A fase de oposición constará de dous (2) exercicios de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Cualificación: A valoración máxima para esta fase será de 20 puntos, necesitando un mínimo de 10 puntos para aprobar.

Consistirá en:

##### **PRIMEIRO EXERCICIO**

- Contestar por escrito a 20 preguntas tipo test, máis 5 preguntas de reserva, con respostas alternativas, sendo só unha delas correcta, que preparará o Tribunal Cualificador antes da celebración do exercicio, en relación ao contido total do temario que acompaña a esta convocatoria.
- O tempo máximo para este exercicio determinarao o Tribunal Cualificador.
- Cualificación: A valoración máxima por este exercicio será de 10 puntos, necesitando un mínimo de 5 puntos para aprobar.
- As respostas non contestadas non terán valoración.
- As respostas erróneas non penalizan.

##### **SEGUNDO EXERCICIO**

- Realización dunha proba práctica que preparará o Tribunal Cualificador antes da celebración do exercicio, en relación ao contido da parte específica do temario que acompaña a esta convocatoria.
- O tempo máximo para este exercicio determinarao o Tribunal Cualificador.
- Cualificación: A valoración máxima por este exercicio será de 10 puntos, necesitando un mínimo de 5 puntos para aprobar.

#### **TEMARIO PEÓN DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES)**

TEMA 1.- Protección civil. Funcións básicas e organización da protección civil en Galicia. Capítulos IV a VI do Plan Territorial de Emerxencias de Galicia.

TEMA 2.- Planificación en protección civil: Plans de emerxencia municipal.

TEMA 3.- Incendios urbanos: teoría do lume, tipos de lumes, equipos e medios contra incendios

TEMA 4.- Incendios forestais: tipos de incendios forestais, comportamento do lume, actuacións de prevención, métodos e medios de extinción.

TEMA 5.- Accidente de tráfico e excarceración.

TEMA 6.- Mercadorías perigosas: clasificación, principais riscos, identificación, transporte e intervención en accidentes con mercadorías perigosas.





TEMA 7- Fundamentos de primeiros auxilios: conceptos e clases, soporte vital básico e atención inicial nas emerxencias.

TEMA 8.- Plans de autoprotección: contido mínimo dos plans de autoprotección (Decreto 172/2022, do 6 de outubro, polo que se aproba o Catálogo de actividades que deben adoptar medidas de autoprotección e polo que se fixa o contido desas medidas).

**FASE DE CONCURSO.- Valorarase ata un máximo de 10 puntos.**

A fase de concurso non terá carácter eliminatorio, non podendo en ningún caso aplicarse a puntuación obtida na mesma para superar a fase de oposición.

Consistirá na valoración dos méritos acreditados polas persoas aspirantes de conformidade co baremo recollido nas presentes bases. O Tribunal só poderá valorar aqueles méritos que fosen alegados polas persoas aspirantes dentro do prazo de presentación de instancias.

O máximo de puntos que se pode obter na fase de concurso non poderá ser superior a 10 (sobre un total de 30 puntos da puntuación total do procedemento).

**EXPERIENCIA PROFESIONAL: ata un máximo de 6 puntos.**

- a) Por cada mes completo desempeñando un posto de traballo como persoal dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais nos últimos catro anos á 0,10 puntos ata un máximo de 3 puntos.
- b) Por cada mes completo prestando, nos últimos catro anos, servizos operativos de intervención directa en emerxencias, accidentes, incendio, e outras labores de salvamento, no ámbito da protección civil municipal ou Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil de carácter público: 0,10 puntos, ata un máximo de 2,5 puntos.
- c) Por ter prestados servizos en calquera das Administracións Públicas nos últimos catro anos en postos de traballo semellantes aos que se convocan: 0,10 puntos por cada mes completo ou fracción ata un máximo de 0,5 puntos.

A estes efectos non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial ou en períodos de tempo menores aos sinalados.

A experiencia na Administración Pública deberase xustificar co certificado expedido polo órgano da administración con competencia na materia, onde constará a denominación do posto de traballo que ocupa ou ocupase, con expresión do tempo que o viñese desempeñando e relación xurídica que mantivo ou mantén no desempeño deste.

A experiencia profesional como persoal dos GES, protección civil ou nunha praza ou posto de igual contido no ámbito da Administración Pública xustificarse, presentando certificado de vida laboral actualizada expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (orixinal ou copia cotexada), e copia dos contratos de traballo ou certificación expedida pola Secretaría ou calquera outro órgano da Administración con competencias en materia de persoal onde constarán os seguintes datos:

- Denominación dos postos de traballo que desempeñaran con expresión do tempo que os ocupara.
- Relación xurídica que mantivo ou mantén no desempeño dos postos coa Administración.

Para acreditar que se ocupa ou se ocupou praza ou posto de igual ou similar contido, cando non coincidan a denominación dos que se ocuparan co da praza á que se opta, o/a interesado/a haberá de achegar certificado no que consten as funcións realizadas.

Computarase como tempo de servizos efectivos o tempo de duración daquelas excedencias e outras situacións administrativas que, de acordo coa lei e o convenio colectivo aplicable, computen para efectos de antigüidade e carreira. Non se computarán os servizos prestados en réxime de persoal eventual, nin os prestados en asignación de funcións ou asignación de tarefas. Tampouco se terán en conta servizos prestados mediante a celebración de contratos administrativos de servizos.





**FORMACIÓN: Valorarase a formación nas materias propias do posto: ata un máximo de 2 puntos.**

Valorarase participar en actividades formativas, sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración Pública, unha Universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha Administración Pública).

Para a valoración dos cursos aplicarase o seguinte baremo:

- Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,10 puntos.
- Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,20 puntos.
- Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,30 puntos.
- Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,50 puntos.

Os cursos nos que non se exprese duración ningunha serán valorados coa puntuación mínima. Na acreditación de seminarios permanentes que duren un curso lectivo deberán especificarse o número de horas, no caso contrario valoraranse coa puntuación mínima.

No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

Aos efectos da súa valoración os títulos ou documentación acreditativa deberán indicar o contido dos cursos, seminarios, congresos, xornadas.

Para acreditar estes méritos haberá de achegarse fotocopia compulsada dos documentos oficiais que os acrediten.

**TITULACIÓNS OFICIAIS EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PROTECCIÓN CIVIL: Máximo 2 puntos.**

- ✓ Por estar en posesión do Título de Técnico en emerxencias e protección civil, ou do Técnico Superior en Coordinación de Emerxencias e Protección Civil.
- ✓ Curso de carácter teórico - práctico "INTERVENCIÓN EN EMERXENCIA" que imparte a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

O número máximo de titulacións a valorar neste apartado será de unha por persoa aspirante.

Para acreditar estes méritos haberá de achegarse fotocopia compulsada dos documentos oficiais que os acrediten.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algunha das persoas aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído/a, previa audiencia da persoa interesada, comunicándoo no mesmo día á autoridade que convocou o proceso selectivo.

**10º.- REQUISITOS LINGÜÍSTICOS. COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.**

O artigo 35 da Lei 2/2009, do 23 de xullo, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, establece: "...nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das Entidades Locais de Galicia incluírase un exame de galego agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente..."

O artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, dispón igualmente a realización dun exame de galego, para dar cumprimento á normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia.

En cumprimento do sinalado as persoas aspirantes deberán realizar unha proba que consistirá na tradución directa dun texto do castelán ao galego sen axuda de dicionario nun tempo máximo de 30 minutos, elixido polo tribunal e acorde ás características funcionais do posto de traballo convocado.

**Estarán exentos da realización da proba de galego** as persoas aspirantes que acrediten dentro do prazo de presentación de solicitudes estar en posesión do **Celga 2** ou título equivalente debidamente



homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

A proba terá lugar o mesmo día que se realicen os exercicios da fase de oposición, estando obrigados a realizala aquelas persoas aspirantes que non acrediten a súa exención, e cualificarase como apta ou non apta. No caso de que esta proba de coñecemento da lingua galega non puntuable sexa cualificada como non apta, a persoa aspirante será excluída do proceso selectivo.

### **11º.- CUALIFICACIÓN FINAL. PROPOSTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR. RELACIÓN DOS CANDIDATOS/AS SELECCIONADOS/AS.**

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións das fases de oposición e de concurso.

Finalizado o procedemento selectivo e establecido polo Tribunal Cualificador a orde de preferencia, publicarase a listaxe das persoas seleccionadas na sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>], non podendo declarar que foron seleccionados/as un número maior de aspirantes que postos de traballo convocados.

A partir do día seguinte á publicación polo Tribunal Cualificador da baremación final do proceso selectivo (fase oposición + fase concurso), na sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>], as persoas aspirantes disporán dun prazo de tres **(3) días hábiles** para alegar contra dita baremación, fundamentándoa nos aspectos que considere oportunos. Unha vez resoltas, de ser o caso, as alegacións presentadas, o Tribunal Cualificador, elevará a definitiva a baremación, e formulará proposta da persoa seleccionada que obtivese unha maior puntuación total no proceso selectivo, para que a Alcaldía, cando estime oportuno, dite resolución de contratación, cando as necesidades do concello así o requiran e creación dunha bolsa de emprego.

No caso de que exista empate entre dous o máis aspirantes na puntuación final, terán preferencia os participantes que obteñan a maior puntuación na fase de oposición, e despois dentro da fase de concurso acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

1º Maior puntuación por experiencia nun posto de traballo como persoal dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais no Concello do Pereiro de Aguiar, noutra administración pública, ou servizos operativos de intervención directa en emerxencias, accidentes, incendio, e outras labores de salvamento, no ámbito da protección civil municipal ou Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil de carácter público, e se isto non fora suficiente.

2º Maior puntuación por experiencia en calquera das Administracións Públicas en postos de traballo semellantes aos que se convocan.

De persistir o empate este resolverase mediante sorteo que se realizará en presenza das persoas interesadas.

A dita resolución publicarase na sede electrónica deste Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>].

### **12º.- CURSO DE CARÁCTER TEÓRICO – PRÁCTICO QUE SE IMPARTIRÁ POLA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA (AGASP).**

Unha vez superado o proceso de selección, e con carácter previo ao seu ingreso no grupo, os admitidos realizarán un curso de carácter teórico - práctico que se impartirá pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP). A participación neste curso poderá excepcionalmente no caso de que o candidato conte co referido curso, co ciclo de formación de grado medio de técnico en emerxencias e protección civil ou certificado de profesionalidade de extinción de incendios e salvamento.

#### **DATOS XERAIS DO CURSO**

- 1.Familia Profesional: Seguridade e Medio Ambiente. Área Profesional. Protección Civil
- 2.Denominación do curso: INTERVENCIÓN EN EMERXENCIA





3.Código:

4.Tipo de curso: ESPECÍFICO

5.Obxectivo xeral: Formación do persoal dos grupos de emerxencia supramunicipal para o exercicio da súa actividade laboral de intervención en incendios forestais e urbanos, accidentes de tráfico, situacións derivadas de riscos naturais e calquera outra tarefa en materia de protección civil e emerxencias.

6.Requisitos do profesorado:

6.1. Nivel académico: titulación universitaria, (Preferentemente...) na súa falta, capacitación profesional equivalente na ocupación relacionado co curso.

6.2. Experiencia profesional: Deberá ter 2 anos de experiencia na ocupación.

6.3. Nivel pedagóxico: Formación metodolóxica, ou ben experiencia docente.

7.Requisitos de acceso do alumno:

7.1. Nivel académico ou de coñecementos xerais:

- Estar en posesión de polo menos o título de graduado escolar, formación profesional de primeiro grao ou titulación equivalente.
- Estar en posesión do carné de conducir da clase C

7.2. Nivel profesional ou técnico:

- Non se require

7.3. Condicións físicas:

Condicións físicas: carencia de afeccións, integridade física, resistencia física, forza, destreza manual, coordinación visión motora, rapidez de reflexos. "Aquelas que non impidan o normal desenvolvemento da profesión".

8. Número de alumnos: 12 alumnos por edición, sen prexuízo de que por razóns operativas poida superarse este número ao realizar conxuntamente a formación de varios GES.

9. Relación secuencial de módulos formativos:

- INCENDIOS URBANOS E INDUSTRIAIS (28 horas)
- INCENDIOS FORESTAIS (14 horas)
- ACCIDENTES DE TRÁFICO (21 horas)
- PRIMEIROS AUXILIOS (7 horas)

10. Duración:

Prácticas.....50 horas

Contidos teóricos.....20 horas

Total.....70 horas

Dúas semanas en sesión de 7 horas/diarias de luns a venres.

11.Equipo, material.

- Equipo e maquinaria:
- Dotación completa de medios de protección contra incendios de tipo manual (extintores, mangueras, batelumes, antorchas de goteo).
- Paneis sinópticos explicativos do funcionamento do sistema de detección de incendios, alarma e extinción automática
- Radio transmisores
- Equipo de primeiros auxilios
- Equipo portátil de bombeo
- Grupos electróxeos
- Autobombas urbana e forestal
- Equipo de corte en frío (cizallas, radiais, etc.

11.2 Material de consumo:

- Folios
- Cadernos
- Bolígrafos





- Lapis

#### 11.3 Material didáctico:

- Manual básico do curso
- Caderniño de ponencias

11.4 Elementos de protección. No desenvolvemento das prácticas utilizaranse os medios necesarios de seguridade e saúde laboral e observaranse as normas legais ao respecto.

### **DATOS ESPECÍFICOS do CURSO**

#### Denominación do módulo nº 1: INCENDIOS URBANOS E INDUSTRIAIS

Obxectivo do módulo:

- IDENTIFICAR os tipos de combustión
- COÑECER os equipos de protección individual
- IDENTIFICAR tipos axentes extintores
- IDENTIFICAR tipos de instalacións de auga
- IDENTIFICAR tipos de bombas
- COÑECER a condución de vehículos de emerxencias e o seu posicionamento
- COÑECER os distintos tipos de bombas, o seu funcionamento, o seu uso e necesidades de mantementos.
- COÑECER os procedementos de actuación en incendios urbanos e industriais

Duración do módulo: 28 horas

Contidos formativos do módulo

#### A) Prácticas

- Prácticas de tendidos de mangueriras.
- Prácticas de mantemento de bombas e impulsión
- Prácticas de condución e de posicionamento de vehículos
  
- Prácticas de desprazamento en lugares de visibilidade reducida.
- Prácticas de extinción de vehícuños. Prácticas de actuación en materias perigosas.
- Prácticas de extinción de incendios de gases.

#### B) Contidos teóricos

- Tipos de combustión.
- Equipos de protección individual. O traxe de intervención. EL ERA: partes, uso e mantemento.
- Axentes extintores: espumas, extintores portátiles, auga.
- Instalacións de auga: mangueriras, hidrantes, columnas secas y BIE.
- Traxes de aproximación e de penetración ao lume. Traxes NBQ.
- Bombas, bombas de achique y turbobombas. Uso e mantemento.
- Intervención con risco eléctrico.
- A química do lume.
- Axentes extintores.
- Localización do foco.
- Orientación, busca e rescate.
- Equipos de respiración asistida
- Entradas forzosas.
- Risco químico. Identificación de mercancías perigosas.

#### Denominación do módulo nº 2: INCENDIOS FORESTAIS

Obxectivo do módulo:

- IDENTIFICAR os factores que afectan ao comportamento dun lume forestal
- COÑECER os métodos e medios de prevención e extinción de incendios forestais
- COÑECER os procedementos de actuación en incendios forestais





- COÑECER as normas de seguridade na prevención e extinción de incendios forestais

Duración do módulo: 14 horas.

Contidos formativos do módulo

A) Prácticas

- Prácticas de identificación das partes dun lume forestal
- Prácticas de extinción mediante ataque directo con ferramentas manuais
- Prácticas de extinción mediante ataque directo con liña de auga
- Prácticas de extinción mediante ataque indirecto: a queima do ensanche e o contralume

B) Contidos teóricos

- A prevención de incendios forestais: actuación sobre os combustibles forestais
- A detección de incendios forestais: o proceso de comunicación
- Medios para a extinción de incendios forestais
- Organización do combate: etapas, primeiro ataque e ataque ampliado.
- Situacións de perigo e normas de seguridade

Denominación do módulo nº 3: ACCIDENTES DE TRÁFICO

Obxectivo do módulo:

- COÑECER os procedementos de intervención en accidentes de tráfico

Duración do módulo: 21 horas.

Contidos formativos do módulo

A) Prácticas

- Prácticas vehículos
- Desencarceración, excarceración e simulacións

B) Contidos teóricos

- Introducción aos accidentes de tráfico.
- Coordinación en accidentes de tráfico.
- Seguridade pasiva.
- Estabilización de vehículos.
- Seguridade persoal en accidentes de tráfico
- Sistemática de intervención en accidentes de tráfico prácticas con vehículos.

Denominación do módulo nº 4: PRIMEIROS AUXILIOS

Obxectivos do módulo:

- COÑECER procedementos a seguir en primeiros auxilios
- IDENTIFICAR tipos de queimaduras
- IDENTIFICAR tipos de traumatismos
- IDENTIFICAR outros tipos de lesións e feridas
- Duración do módulo: 7 horas
- Contidos formativos do módulo

A) Prácticas

- Reanimación: tipos
- Rescates con feridas
- Rescates de interior de vehículos
- Desencarceración, excarceracións e simulacións

B) Contidos teóricos

- Queimaduras
- Alteracións eléctricas
- Afogamentos
- Traumatismos craneoencefálicos, médulas, torácico-abdominais
- Reanimación cardiopulmonar
- Feridas e hemorraxias





- Luxacións e contusións
- Torceduras
- Pautas de actuación en accidentes de tráfico
- Equipos de corte y separación
- Equipos hidráulicos
- Excarceracións

### **13.- BOLSA DE EMPREGO.**

Ao remate do proceso selectivo, elaborárase unha bolsa de emprego coas persoas que superaron o dito proceso por orde de puntuación, ocupando a primeira posición a persoa aspirante que obtivese a maior puntuación.

É condición inescusable para a pertenza á devandita bolsa de emprego o mantemento durante a vixencia desta dos requisitos relacionados no artigo 4 das presentes bases.

A creación da bolsa de emprego ten como finalidade a cobertura das necesidades temporais de persoal (non estruturais nin permanentes) e a axilización nos procedementos de dotación de persoal en prol dunha maior eficacia dos servizos públicos.

As persoas que formen parte desta bolsa de emprego poderán ser chamadas (sempre respectando a orde de puntuación do listado) cando xurda a necesidade de cobertura na categoría profesional de Peón do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES).

Nese caso elaborárase o correspondente expediente no que se acreditará a necesidade de contratar ou nomear o persoal correspondente así como a existencia de crédito orzamentario suficiente, procedéndose ao chamamento sucesivo dos aspirantes pola orde na que figuren na lista.

No caso de que existiran varias vacantes simultáneas que deban ser cubertas coa presente bolsa de emprego, a orde de provisión realizarase pola orde da lista, de tal xeito que ao primeiro clasificado se lle dará a escoller entre as diferentes prazas vacantes para que este elixa a que desexa cubrir e así sucesivamente pola orde que ocupasen os aspirantes na listaxe de reserva ata cubrir a totalidade das vacantes.

En ningún caso a mera pertenza á bolsa de emprego implicará dereito ningún a obter nomeamento ou contrato laboral, garantíndose que cando ao Concello lle xurda a necesidade de cobertura na categoría profesional de Peón do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) se respectará o procedemento de chamamento regulado nestas bases.

### **14º.- FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.**

A bolsa de emprego terá carácter rotatorio e o chamamento realizarase conforme ao disposto no artigo 16 destas Bases en función das vacantes de postos que xurdan na categoría profesional de Peón do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) e por rigorosa orde de puntuación.

De producirse renuncia expresa ou nos termos previstos no dito artigo 16 a persoa aspirante pasará ao último lugar da bolsa de emprego, salvo que concorran circunstancias que impidan o desempeño do posto e que sexan acreditadas debidamente. Nestes casos respectarase a orde da persoa aspirante na lista para cando se produza a próxima vacante.

A persoa que entrase a traballar, unha vez finalizado o seu contrato de traballo, se este acada os 12 meses de duración (nun período de 12 meses) pasará a ocupar o último lugar da bolsa de emprego.

Se o contrato ou sucesivos contratos de traballo finalizados non acadasen os 12 meses de duración (nun período de 12 meses) reincorporárase á bolsa de emprego na posición que tivese no listado a efectos de ser incluído en novos chamamentos.

A persoa aspirante que unha vez finalizado/s o/s seu/s contrato/s de traballo ao abeiro do/s chamamento/s da presente bolsa de emprego acade os 18 meses de duración (nun período de 24 meses) quedará automaticamente excluída da listaxe/bolsa de reserva para realizar contratacións laborais temporais de persoal para os anos 2026 e 2027 na categoría profesional de Peón do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) no Concello do Pereiro de Aguiar, en atención ao disposto no artigo 15.5. do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto





refundido da Lei do estatuto dos traballadores, na súa redacción dada polo Real Decreto – lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

Os contratos de traballo que se formalicen ao abeiro das presentes Bases non poderán ter, en ningún caso, unha duración superior á vixencia da bolsa de emprego.

#### **15º.- VIXENCIA DA BOLSA DE EMPREGO.**

A bolsa de emprego terá unha vixencia máxima ata o 31.12.2027, a contar dende a aprobación da mesma por Resolución de Alcaldía, ou, no seu defecto, ata que todas as persoas interesadas que figuren nela non manifesten interese nunha oferta de traballo concreto ou presenten a súa renuncia. Non podendo superar en ningún caso a data do 31.12.2027.

#### **16º.- PROCEDEMENTO PARA O CHAMAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.**

Os chamamentos realizaranse seguindo o seguinte procedemento:

1. O chamamento realizarase en función das vacantes que xurdan na categoría profesional de Peón do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) por rigorosa orde de puntuación.
2. As comunicacións faranse por vía telefónica, para o cal as persoas aspirantes deberán indicar na súa solicitude de participación no proceso selectivo polo menos un número de teléfono de contacto. En caso de indicar máis dun número, deberá consignarse unha orde de preferencia. Os integrantes da bolsa de emprego serán responsables de que ditos datos estean actualizados en todo momento.
3. Para a súa localización realizaranse un máximo de tres chamadas telefónicas entre as 08:30 e as 15:00 horas, cun intervalo dunha hora entre cada unha delas. A aceptación ou renuncia ao posto de traballo ofertado realizarase no mesmo momento en que se estableza o contacto telefónico para os casos de circunstancias excepcionais ou de forza maior, e nun período máximo de 24 horas para o resto.
4. Se renuncia ao posto ofertado farao constar por escrito e remitirao ao Departamento de RRHH do Concello do Pereiro de Aguiar por e-mail ([rrhh@concellopereiro.com](mailto:rrhh@concellopereiro.com))/ whatsapp (676 759 028) ou no rexistro municipal do Concello no mesmo día. No caso de non presentar por escrito a dita renuncia entenderase que desiste, pasando ao último lugar da lista.
5. No caso de renunciar ao contrato ou chamamento, quen renuncie pasará ao último posto da listaxe, salvo casos de forza maior debidamente xustificada.
6. Son causas que xustifican a renuncia a unha oferta de traballo e que implican o mantemento dentro da bolsa de emprego:
  - Estar en situación de ocupado, prestando servizos no ámbito da empresa privada ou da Administración Pública, en calquera das formas admitidas en dereito, laboral ou funcionario interino.
  - Estar en situación de suspensión por accidente, baixa por enfermidade, intervención cirúrxica, internamento hospitalario, maternidade / paternidade, embarazo de alto risco e situación de risco ou necesidade acreditada por facultativo que esixa a lactación natural de menores de nove meses.
  - Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.
  - Outras causas de carácter extraordinario ou de forza maior.Tales circunstancias precisan da correspondente acreditación documentada por parte da persoa afectada que remitirá ao Departamento de RRHH do Concello do Pereiro de Aguiar por e-mail / whatsapp ou no rexistro municipal.
7. No suposto de non poder localizar a unha persoa aspirante, pasarase a chamar á seguinte da lista, mantendo a persoa non localizada o mesmo posto no que figure na lista.
8. A persoa encargada destas comunicacións deixará constancia destas, con indicación de data, hora/s e resposta que recibiu, mediante dilixencia no expediente.





### **17º.- CAUSAS DE EXCLUSIÓN DA BOLSA DE EMPREGO.**

As persoas integrantes da bolsa de emprego quedarán automaticamente excluídas da mesma nos seguintes casos:

1. Por vontade propia da persoa solicitante. Xa que en calquera momento poderán comunicar a súa renuncia definitiva á integración nesta, mediante solicitude por escrito que terá que ir dirixida ao alcalde – presidente da Corporación.
2. Por non presentar en tempo e forma a documentación necesaria de acordo con estas Bases.
3. Cando do exame da documentación requirida se deduza que carece dalgún dos requisitos sinalados no artigo 4 destas Bases.
4. Por incorrer nalgunha das situacións previstas no réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente.
5. Por non superar o período de proba a que se refire o artigo 14 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
6. Por acadar un total de 18 meses de duración (nun período de 24 meses) do/s contrato/s de traballo formalizado/s ao abeiro do/s chamamento/s da presente bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais de persoal para os anos 2026 e 2027 na categoría profesional de Peón do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) no Concello do Pereiro de Aguiar, en atención ao disposto no artigo 15.5. do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores modificado polo Real Decreto – lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

### **18º.- LEXISLACIÓN.**

No non previsto nestas bases, será de aplicación a normativa seguinte:

- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local
- Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local
- Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia
- Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada
- Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo
- Orde APU/1461/2002, do 6 de xuño, pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais
- Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes
- Ordenanza fiscal reguladora da taxa por dereitos de exame para a participación en probas selectivas ao emprego público municipal e fotocopias de documentos de calquera tipo do Concello do Pereiro de Aguiar (BOP nº 288 do 17-12-2014)





- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego público de Galicia
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público
- Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores
- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público
- Convenio Colectivo do Concello do Pereiro de Aguiar nº 32/100/122012017 (B.O.P. núm. 242 do 20.10.2017)
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais
- Real Decreto – lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo
- Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogados para os anos 2024, 2025 e 2026
- Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de emprego
- Orde PJC/804/2025, do 23 de xullo, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de medios e tempos e a realización doutros axustes razoables nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade
- Convenio de Colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais (GES)

#### **19º.- PROTECCIÓN DE DATOS.**

As persoas aspirantes, mediante a participación no referido proceso, dan o seu consentimento para que a Administración actuante proceda ao tratamento do seus datos de carácter persoal para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo, conforme a LOPD 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e o seu RGPD.

Os datos pasarán a formar parte dun ficheiro xestionado polo Concello do Pereiro de Aguiar, con sede na Praza do Concello, núm. 1, 32710 O Pereiro de Aguiar (Ourense), onde poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se é o caso, o de oposición.

#### **20º.- CARÁCTER VINCULANTES DAS BASES.**

As presentes Bases desta convocatoria vinculan ó Concello, ós tribunais cualificadores e ás persoas aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

#### **21º.- INCIDENCIAS.**

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento desta proba selectiva, en todo o non previsto nas bases, así como a interpretación das mesmas.

#### **22º.- DISPOSICIÓN FINAL E RECURSOS.**

As presentes bases entrarán en vigor ao día seguinte da publicación do anuncio na sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>].

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven delas ou da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.





# CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polas persoas interesadas recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso - administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Ourense ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio.

O alcalde,  
Luís Menor Pérez

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**

## ANEXO I.- MODELO DE INSTANCIA.

A) DATOS DO SOLICITANTE.

**Concello do Pereiro de Aguiar**

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988259385. Fax: 988259395





# CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

<b>NOME E APELIDOS:</b>			
<b>NIF / NIE:</b>		<b>NACIONALIDADE:</b>	
<b>DOMICILIO NOTIFICACIÓNS:</b>			
<b>LOCALIDADE:</b>		<b>CÓDIGO POSTAL:</b>	
<b>PROVINCIA:</b>			
<b>TELÉFONO:</b>		<b>TELÉFONO MÓBIL:</b>	
<b>CORREO ELECTRÓNICO:</b>			

**EXPÓN:** Que informado da convocatoria, por concurso – oposición, efectuada polo Concello do Pereiro de Aguiar para a selección de persoal laboral e creación dunha Bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais para os anos 2026 e 2027, conforme aos supostos previstos no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, na súa redacción dada polo Real Decreto – lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

**SOLICITA:** Que sexa admitido/a a tomar parte no procedemento, comprometéndose a someterse ás bases que o regulan.

## **PRAZA SOLICITADA:**

€ Peón do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES)

**AUTORIZA:** Ao Concello do Pereiro de Aguiar para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión, na sede electrónica deste Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>], ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

## **B) RELACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS MÉRITOS A VALORAR:**

- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 







**DECLARA**

baixo xuramento ou promete:

- non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas,
- non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta,
- non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas, e
- no caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

No Pereiro de Aguiar, a de  
O/A solicitante,

de 2026

Asdo: \_\_\_\_\_.

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR**

